

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

2980 *Real decreto 83/2021, do 9 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 227/2008, do 15 de febreiro, polo que se establece a normativa básica referente aos paneis de catadores de aceite de oliva virxe.*

Na Unión Europea a normativa en materia de aceites de oliva e de bagazo de oliva está harmonizada mediante o Regulamento (CEE) n.º 2568/1991 da Comisión, do 11 de xullo de 1991, relativo ás características dos aceites de oliva e dos aceites de bagazo de oliva e sobre os seus métodos de análise, en cuxa virtude, co fin de fixar de maneira uniforme en toda a Unión a presenza das características dos diferentes tipos de aceite, se estableceron os métodos comunitarios de análise química e de valoración organoléptica.

No citado Regulamento (CEE) n.º 2568/1991 da Comisión, do 11 de xullo de 1991, especifícase que o control das características organolépticas dos aceites de oliva virxe poderá ser realizado por paneis de catadores autorizados polos Estados membros. Así mesmo, os Estados membros deben establecer as condicións para a súa autorización, con obxecto de dar cumprimento ás disposicións vixentes, asegurar a formación do xefe de panel e someter a validez da autorización aos resultados obtidos. Este regulamento, en particular os seus artigos 1.2 e 4, constitúe, por conseguinte, a base legal para aprobar este real decreto.

En España, o Real decreto 227/2008, do 15 de febreiro, polo que se establece a normativa básica referente aos paneis de catadores de aceite de oliva virxe, é o marco de regulación que senta os criterios do funcionamento dos paneis e a súa autorización. Tras máis dunha década en vigor e tendo en conta a experiencia adquirida, faise necesario levar a cabo unha serie de modificacións para introducir melloras en prol de garantir o bo funcionamento dos paneis e dar unha maior seguridade xurídica aos operadores.

Neste sentido, propónse mediante o presente texto introducir criterios para a autorización dos paneis de catadores por parte das autoridades competentes oficiais, a formación dos xefes de panel e a harmonización do funcionamento dos paneis.

Para isto, créase a Mesa de xefes de panel como foro de intercambio de información e como ferramenta eficaz para conseguir a correcta harmonización no seu funcionamento.

Por outro lado, recóllese a doutrina constitucional contida na Sentenza do Tribunal Constitucional 74/2014, do 8 de maio, en que se realizou unha interpretación conforme con algúns preceptos do citado real decreto, que agora se modifican para recoller de modo expreso en dereito positivo o que xa era a realidade aplicativa da norma.

O contido deste real decreto axústase aos principios de boa regulación recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, en virtude dos principios de necesidade e eficacia, xustifícase esta norma na necesidade de establecer unha ordenación adecuada do funcionamento dos paneis de catadores oficiais, que mellore o exercicio das súas funcións e proporcione unha maior garantía e seguridade ao sector produtor, e a modificación da norma existente é a forma máis adecuada de conseguilo. Tivéronse en conta, así mesmo, os principios de eficiencia e proporcionalidade, ao establecer unha regulación e limitar as cargas administrativas ás mínimas imprescindibles para a consecución dos fins que se pretenden. En aplicación do principio de transparencia, ademais da audiencia pública, durante a tramitación desta disposición consultáronse as comunidades autónomas, así como as entidades representativas dos sectores afectados e os consumidores, e a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo. Por último, o real decreto atende ao principio de seguridade xurídica e mantén a coherencia co resto do ordenamento xurídico que é de aplicación.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, así como no artigo 149.1.10.^a da Constitución española, que lle atribúe competencia exclusiva sobre réxime alfandegueiro e arancelario.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de febreiro de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 227/2008, do 15 de febreiro, polo que se establece a normativa básica referente aos paneis de catadores de aceite de oliva virxe.*

O Real decreto 227/2008, do 15 de febreiro, polo que se establece a normativa básica referente aos paneis de catadores de aceite de oliva virxe, modifícase da seguinte forma:

Un. O número 2 do artigo 1 queda redactado como segue:

«2. A autorización dos paneis de catadores efectuaraa o órgano competente das comunidades autónomas e, en caso da determinación das características organolépticas do aceite de oliva como operación propia da aplicación do réxime alfandegueiro e arancelario, os órganos competentes da Administración xeral do Estado no caso de importacións e exportacións. Corresponde, igualmente, aos órganos competentes da Administración xeral do Estado a coordinación dos controis dos paneis autorizados e a designación do Laboratorio Nacional de Referencia.»

Dous. O artigo 3 queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Paneis de catadores autorizados para a realización do control oficial.*

1. Os paneis de catadores autorizados para a realización do control oficial que España comunica á Unión Europea deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Cumprir as condicións e requisitos establecidos no artigo 4 e no anexo XII do Regulamento (CEE) n.º 2568/91 da Comisión, do 11 de xullo de 1991, e neste real decreto.

b) Posuír a autorización para isto da comunidade autónoma onde se localice o panel e, en caso da determinación das características organolépticas do aceite de oliva como operación propia da aplicación do réxime alfandegueiro e arancelario, do órgano competente da Administración xeral do Estado. Así mesmo, deberá posuír a designación por parte da autoridade competente para a que vaia realizar tarefas de control oficial.

c) Acreditar o cumprimento da norma EN ISO/IEC 17025, de acordo coa letra e) do número 4 do artigo 37 do Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios, e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 999/2001, (CE) n.º 396/2005, (CE) n.º 1069/2009, (CE) n.º 1107/2009, (UE) n.º 1151/2012, (UE) n.º 652/2014, (UE) 2016/429 e (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, os regulamentos (CE) n.º 1/2005 e (CE) n.º 1099/2009 do Consello, e as directivas 98/58/CE, 1999/74/CE, 2007/43/CE, 2008/119/CE e 2008/120/CE do Consello, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 854/2004 e (CE) N.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, as directivas 89/608/CEE, 89/662/CEE, 90/425/CEE, 91/496/CEE, 96/23/CE, 96/93/CE

e 97/78/CE do Consello e a Decisión 92/438/CEE do Consello (Regulamento sobre controis oficiais).

d) Participar nos ensaios de aptitude a que se fai referencia no artigo 6 e ter sido cualificados como aptos pola autoridade competente nos ditos ensaios a teor dos resultados obtidos.

2. As autoridades competentes realizarán cantas accións e controis consideren necesarios para avaliar a idoneidade dos referidos paneis de cata autorizados, así como a vixencia da súa autorización. En particular, realizarán auditorías *ad hoc* aos paneis de cata para avaliar o cumprimento das disposicións establecidas neste real decreto.

3. Os paneis de catadores autorizados deben estar libres de conflito de intereses e cumprir os principios de imparcialidade e de confidencialidade requiridos. Para efectos deste real decreto, enténdese que xorde un conflito de intereses cando non pode prestarse un servizo imparcial ou a súa obxectividade pode verse afectada para realizar a función encomendada ou ben se presume que poida existir falta de independencia no seu labor por existiren intereses secundarios, ben económicos ben polo feito de poder manexar información relacionada coa competencia.»

Tres. O número 1 do artigo 4 queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os xefes de panel e os catadores deberán posuír e manter, debidamente actualizada, unha formación básica mediante a asistencia a cursos de formación co contido mínimo que se establece no anexo.

Recoméndase que o xefe de panel, con carácter previo á súa designación, formase parte dun panel de cata autorizado de aceite de oliva virxe e estivese cualificado como catador durante, polo menos, un período de dous anos.»

Catro. Engádesse un novo número 4 ao artigo 8, co teor seguinte:

«4. Salvo excepcións debidamente xustificadas e logo de aprobación pola Mesa de xefes de panel, para que un panel de cata sexa considerado apto deberá ter cualificado adecuadamente ao menos o setenta por cento do total de mostras consensuadas nos ensaios de aptitude en que participase e, como mínimo, tres quintas partes das mostras analizadas en cada un dos ensaios de aptitude a que se refire o artigo 6.»

Cinco. Na disposición adicional única engádesse un novo número 3, coa seguinte redacción:

«3. Adscrita ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación créase a Mesa de xefes de panel, presidida polo titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación ao que poderá suplir o titular da Subdirección Xeral de Control da Calidade Alimentaria e Laboratorios Agroalimentarios e integrada por todos os xefes de panel autorizados para facer controis oficiais, que se encargará, entre outras funcións:

a) De dar as orientacións pertinentes e definir os procedementos para a preparación dos ensaios de aptitude no que se refire ao tipo de mostras que se van analizar, categorías, descritores e todos aqueles aspectos técnicos que deban ser tidos en conta na dita preparación;

b) De garantir a correcta análise dos resultados dos ensaios de aptitude realizados, así como de realizar as recomendacións necesarias en relación cos resultados destes ensaios e o consenso das mostras, e de atender as reclamacións e suxestións que poidan xurdir en relación con eles;

c) De planificar estudos que poidan mellorar, a través dos ensaios de aptitude, a homoxeneidade do comportamento analítico dos paneis, así como actividades

relacionadas coa formación continuada dos paneis, promovendo o intercambio de información e mostras entre estes;

d) De elaborar notas técnicas interpretativas de todos aqueles asuntos que poidan xurdir no ámbito do control oficial das características organolépticas dos paneis oficiais, con obxecto de unificar os criterios de actuación daqueles.»

Seis. Engádesse un novo parágrafo á disposición derradeira primeira co seguinte contido:

«Non obstante, as competencias para autorizar determinados paneis de catadores previstas nos artigos 1.2 e 3.1 b) dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre réxime alfandegueiro e arancelario.»

Sete. A letra i) do número 1 da sección A do anexo queda redactada como segue:

«i) Sesións de cata. Organización e control mediante análises de mostras de diferentes variedades, diferente grao de madurez, diferente tipo de defectos e diferentes categorías de aceites.»

Disposición transitoria única. *Período transitorio.*

O disposto no número catro do artigo único será exigible a partir do 1 de xaneiro de 2022.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de febreiro de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES